



CONCELLO DE REDONDELA

MEDIO AMBIENTE/xrml

Expediente: 2393/2020

## RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, prorrogou por sexta vez, ata o 21 de xuño, a declaración de estado de alarma derivado da crisis do coronavirus. Polo tanto ao avaliar os riscos derivados da eventual celebración das tradicionais fogueiras de San Xoán na noite do 23 ao 24 debemos considerar que aínda seguimos nunha situación de excepcionalidade na que a adecuada protección da saúde das persoas debe ser o criterio que presida a actuación dos poderes públicos e tamén deste Concello.

Ao longo do estado de alarma, como reiteran os instrumentos normativos e protocolos aprobados, quedou demostrado que as concentracións humanas son un dos principais focos de contaxio. As fogueiras de San Xoán son por definición un evento para o encontro e a celebración presidida pola espontaneidade e o carácter festivo. As concentracións humanas a que cada fogueira da lugar, así como os desprazamentos de poboación derivados delas son en grande medida impredecibles. Por isto as medidas de seguridade que farían falta para diminuír os niveis de risco acabarían por desvirtuar a celebración e conlevarían un emprego de recursos públicos e privados maior do que sería razoable.

Os servizos municipais de carácter esencial que se viñeron prestando ao longo de todo o estado de alarma supuxeron unha enorme presión sobre o persoal adscrito á seguridade cidadá, emerxencias e obras e servizos, e o seu esforzo debe seguir dirixido a garantir a atención ás necesidades básicas da cidadanía.

O sábado 13 de xuño de 2020 publicáronse senllas Resolucions de 12 de xuño das secretarías xerais técnicas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Sanidade nas que a Xunta de Galicia determina que o restablecemento dos eventos populares só se poderá permitir a partir do 1 de xullo e sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle,

Con base no que expoñemos esta Concellería de Medio Ambiente

### RESOLVE

Primeiro.- Acordar a non autorización para o presente ano das tradicionais fogueiras de San Xoán no termo municipal de Redondela que non poderán celebrarse na noite correspondente pero tampouco en outros días alternativos.

Segundo.- Dar a máis ampla difusión posible á presente Resolución e ás razóns que a fundamentan.

Documento asinado electronicamente

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 5DC6K6MQYJAJW4CCGQ79PTCTN | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1